

# Celga



# 1



## Proba A1

Vostede acaba de escoitar no programa radiofónico “Música ao vivo” un anuncio do Café-Concerto. A partir da información escoitada, escriballe a un amigo unha mensaxe electrónica, de **150 palabras**, na que vostede deberá:

- Presentar o grupo que dá o concerto e informar do lugar, da data, do horario e do prezo das entradas.
- Animar o seu amigo a ir con vostede.
- Comentalle que campañas promove o Café-Concerto e en que consisten.
- Convidar o seu amigo a acollerse a unha das campañas.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.

## Proba A2

Vostede vai pasar unha fin de semana con tres compañeiros/as na costa galega. É o encargado de ver o tempo e de elixir o lugar. Vailles escribir unha mensaxe electrónica, achegándolles a información que atopou sobre dous destinos que lle interesan. Nesta mensaxe, de **150 palabras**, vostede deberá:

- Mostrarse entusiasmado/a coa viaxe.
- Explicarlles cales son as dúas opcións que atopou, indicando o tempo previsto en cada lugar.
- Solicitalles que elixan un dos dous destinos.
- Despedirse, pedindo unha resposta.

SÁBADO



O Grove: Mínima 13 – Máxima 24  
 Carnota: Mínima 13 – Máxima 22

DOMINGO



O Grove: Mínima 13 – Máxima 20  
 Carnota: Mínima 15 – Máxima 20

## FIN DE SEMANA ECOLÓXICO-CULTURAL EN QUILMAS (CARNOTA)



**A asociación cultural Amigos da Costa da Morte organiza unha fin de semana ecolóxico-cultural**

### PROGRAMA

**SÁBADO:** *Roteiro á Moa, cumio do Monte Pindo (627 m).*

- 12:00 h Saída dende a fonte de Quilmas.
- 16:00 h Chegada ao porto de Quilmas. (Levar comida e roupa cómoda).
- 22:30 h Concerto de cantigas medievais galego-portuguesas (Porto de Quilmas).

**DOMINGO:** *Roteiro marítimo pola Costa da Morte.*

- 11:30 h Saída dende o Porto de Quilmas, no barco de recreo "Porto Grande", pola costa dende Muros a Fisterra. Visita ecolóxica ás Illas Lobeiras (guiada polo biólogo Xosé Soneira). Saída rumbo ao Porto de Quilmas. (Levar comida, bebida e traxe de baño).
- 22:30 h Proxección do filme "A Mariñeira de Quilmas" (Porto de Quilmas, onde se rodou).

## O GROVE, PARAÍSO DO MARISCO


### PROGRAMA

**SÁBADO:**

- 10:30 h Alboradas a cargo do grupo de gaitas San Vicente do Mar.
- 11:00 h Apertura de postos de venda de marisco.
- 13:30 h Actuación dun grupo de danza no recinto da festa.
- 18:30 h Concurso de pratos condimentados con mexillón.
- 19:30 h Actuación dun grupo de baile no recinto da festa.
- 22:30 h Noite Meiga e Gran Queimada para todos coa actuación dun grupo folk.

**DOMINGO:**

- 10:30 h Alboradas a cargo dun grupo de gaitas.
- 11:00 h Apertura dos postos de venda de marisco.
- 12:00 h Entrega de premios do concurso de pratos de mexillóns.
- 19:00 h Actuación dun grupo de baile no recinto da festa.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their response to the A2 test question.